



CÓDIGO DE CONDUCTA

– RSE –

(RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA)

**CORPORACIÓN LABER,
LABORATORIO Y
CONSULTORÍA S.L.**

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

LIMIAR

| | |
|---|----|
| I. INTRODUCCIÓN | 3 |
| II. PRINCIPIOS | 4 |
| III. NORMAS XERAIS DE CONDUCTA PROFESIONAL | 5 |
| IV. CUMPRIMENTO DO CÓDIGO DE CONDUCTA, ACTUALIZACIÓN E INTERPRETACIÓN. | 12 |
| V. INCUMPRIMIENTO E SANCÍONS | 12 |
| VI. VIXENCIA E ACEPTACIÓN | 12 |

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

I. INTRODUCCIÓN

FINALIDADE

En liña co principio de transparencia, CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. quere transmitir publicamente a través deste código, as pautas de comportamento que a entidade ostenta e espera fronte a cada una das partes interesadas e relacionadas coa actividade, servizos e logros da empresa.

O Código de Conduta de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. constitúe, no marco do Bo Goberno e Responsabilidade Social Empresarial, o desenvolvemento e a expresión formal dos valores e principios que deben rexer a conduta de quen traballa na empresa, ou en nome dela, en cumprimento das súas responsabilidades, coa finalidade de consolidar unha ética empresarial universalmente aceptada.

Por este motivo, comunícaselle a todo o persoal o contido deste Código de Responsabilidade Social Empresarial e se lle da a información oportuna para a súa correcta interpretación e posta en práctica.

O código estará dispoñible no departamento de Administración, sendo accesible a tódolos grupos de interese identificados: clientes, equipo humano, provedores e sociedade.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

O Código de Conduta diríxese e vincula á Dirección da empresa e ao seu persoal, calquera que sexa a súa vinculación contractual ou de convenio coa empresa.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

II. PRINCIPIOS

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. aproba unha Política de Responsabilidade Social baseada nos seguintes principios:

Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Compromiso e respecto coa legalidade e os dereitos humanos e liberdades públicas, evitando a complicidade coa violación dos mesmos.

Respecto polos dereitos laborais.

Todas as persoas traballadoras teñen dereito á liberdade de asociación e afiliación e o dereito efectivo á negociación colectiva.

Cooperación coa comunidade

A empresa fomenta a colaboración con todas as comunidades onde desenvolve a súa actividade, co fin de acadar un equilibrio entre a súa actividade e as súas expectativas sociais, promovendo a tal fin patrocinios de actividades que fomenten a participación social.

Coidado da seguridade, saúde e medio ambiente.

Ademais de garantirse a vixilancia da saúde do seu persoal, a empresa promove as boas prácticas en materia de seguridade, saúde e medio ambiente dende un enfoque preventivo.

Estes principios básicos desenvolveranse ao longo do seguinte Código de Conduta, nunha serie de pautas de comportamento con cada una de las partes interesadas, descritas a continuación.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

III. NORMAS XERAIS DE CONDUCTA PROFESIONAL

1. CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE.

En aplicación e desenvolvemento do disposto neste Código de Conduta, así como nas actividades e servizos prestados por CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L., atenderase ao disposto na normativa vixente e de referencia na materia e/ou ámbito de actuación da empresa.

En todo momento, a empresa respectará os Dereitos Humanos e os principios da Organización Internacional do Traballo (OIT) para o desenvolvemento das súas actividades e o trato ao seu persoal.

O disposto no presente código de conduta, enténdese vinculado ao disposto no compromiso co Pacto Mundial de Nacións Unidas, asinado o 31 de outubro de 2014 (Anexo).

2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

No marco da Política de Recursos Humanos, a empresa incorpora de forma voluntaria na súa xestión (en coherencia coa lexislación de aplicación) o seu compromiso co trato igualitario e non discriminatorio por motivos de raza, cor, sexo, relixión, opinión política, nacionalidade, orixe social, ascendencia, discapacidade, idade, estado civil, orientación sexual ou calquera outra condición en tódolos seus procesos de selección, formación, retribución e promoción.

3. SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L., conta cunha política de seguridade e saúde no traballo, pola que se adoptan as medidas de prevención e vixilancia necesarias para garantir o cumprimento da lexislación tanto no referido ás obrigas do empresario, como para o seu persoal e clientes.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

4. RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE.

A empresa ten implantadas medidas específicas de xestión medioambiental en materia de reciclaxe e fomento da preservación do seu contorno.

Toda persoa empregada debe tomar medidas que preserven o medio ambiente no marco dos seus hábitos laborais, encamiñadas á consecución dos obxectivos establecidos pola empresa.

5. CONCILIACIÓN DE LA VIDA LABORAL Y FAMILIAR.

A empresa preserva as medidas dispostas na normativa laboral de referencia e promove actuacións que repercuten na vida diaria do persoal, favorecendo a compatibilidade laboral a través de acordos que permitan a conciliación laboral e familiar do seu persoal, e garantindo a información necesaria para que poidan facer uso dos permisos e licencias dispostos na normativa de referencia.

6. CORRUPCIÓN E SUBORNO.

Os principios da empresa en materia de transparencia incorporan ás obrigas da propia dirección e o seu persoal, que se preserve e prohíba toda práctica non ética, tanto no desenvolvemento das súas actividades coma na prestación dos seus servizos.

7. INNOVACIÓN

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. considera a innovación coma unha actitude imprescindible para a xestión na formación e un dos principais argumentos para ser cada vez máis competitiva no sector de actividade ó que pertence a empresa.

Neste senso, Corporación Laber participa en distintos **circuítos de intercomparación** en empresas especializadas, que garanten a excelencia

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

operacional dos seus métodos analíticos, e realiza dende hai anos, **estudos con laboratorios acreditados de distintos puntos de Europa**, para a validación de métodos e ensaios.

8. RELACIÓN COS CLIENTES

A gran prioridade de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. é a satisfacción e cobertura das necesidades dos seus clientes, cos cales manterá unha relación de servizo na procura da excelencia e a calidade dos seus produtos.

Por isto, a empresa incorpora as súas normas internas, unha serie de principios de aplicación orientados á **mellora continua:**

- ✓ A necesidade de adaptación continua dos seus produtos aos diferentes tipos de clientes, en función das súas propias necesidades e demandas.
- ✓ Sempre se proporcionará información relevante e asesoramento claro sobre os diferentes produtos e servizos, poñendo a disposición dos clientes o Servizo de Atención a Clientes para canalizar posibles incidencias e potenciar o diálogo e a mellora continua.

AVAIS DE CALIDADE:

Neste senso, a empresa conta con certificacións en materia de calidade (ISO 9001:2008 e ISO 14899:2007), é membro colectivo da Asociación Española para a calidade (AEC) e é entidade asinante do Pacto Mundial das Nacións Unidas (compromiso Anexo a este documento)

A empresa conta ademais coas seguintes ACREDITACIÓNS E AUTORIZACIÓNS:

- Entidade de Inspección acreditada co número 292/EI494 para a realización de inspeccións na área medioambiental.
- Laboratorio autorizado para a realización de ensaios de autocontrol da produción de terceiros en augas e alimentos en Galicia.
- Laboratorio inscrito no Rexistro de Saúde Pública da Comunidade de Madrid.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

- Entidade colaboradora da Administración Hidráulica.
- Entidade colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de vertidos e calidade das augas.
- Laboratorio inscrito no Censo de Laboratorios de Control da Calidade del Auga de Consumo Humano, en cumprimento do disposto no Real Decreto 140/2003.
- Empresa autorizada para impartir programas de formación en hixiene alimentaria.
- Impartición de cursos de lexionella (a través de Laber Formación – Ecogest Norte).

Honestidade e confidencialidade:

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. atende á rigorosidade no respecto dos dereitos dos seus clientes en cada un dos diferentes ámbitos e informa ao cliente sobre os mesmos. A seguridade e confidencialidade da información relativa a clientes, considérase un dos aspectos máis importantes nos seus servizos, e por elo, realizarase un seguimento estrito do cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos, así como en calquera outra norma de desenvolvemento na materia.

9. RELACIÓN CON PROVEEDORES, CONTRATISTAS E COLABORADORES.

As relacións con entidades provedoras e/ou subministradoras de servizos da empresa, deben ser éticas e garantir un normal desenvolvemento do intercambio comercial, satisfacción mutua e diminución dos riscos.

Por isto, os criterios de compra de produtos e bens, terán en conta os seguintes aspectos:

- ✓ A relación calidade- prezo.
- ✓ O impacto ambiental do produto e/ou servizo e da empresa nas súas actividades habituais.
- ✓ O cumprimento da lexislación en materia laboral e de prevención de riscos laborais.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

- ✓ E, o respecto mutuo entidade provedora- cliente.

10. CONDUCTA CO EQUIPO HUMANO.

Para o desenvolvemento da súa actividade diaria, o persoal da empresa conta cunha **normativa interna** (accesible e comunicada a todo o persoal no momento da súa incorporación), que se actualiza en función da práctica e/ou lexislación de referencia, garantindo en todo momento a comunicación ó persoal.

A tal fin, empréganse os canais de comunicación interna habituais, postos a disposición da empresa, para facer públicas a información e comunicados, así como a información que se facilita nas accións formativas dispostas nos seus programas de formación, co fin de contribuír ao desenvolvemento persoal e laboral do seu persoal.

11. RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.

Para o desempeño dos traballos que CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. desenvolva coas administracións públicas, atenderase aos seguintes principios:

- ✓ Cumprimento coa lexislación vixente e normativa propia de aplicación segundo o caso.
- ✓ Transparencia na presentación de información e resultados.
- ✓ Colaboración para cantos traballos de control deriven das competencias da Administración, no marco do seguimento público de axudas outorgadas.
- ✓ Seguimento dos principios de coherencia na conduta persoal establecidos neste Código de Conduta, evitando calquera conflito normativo, e comunicarllo á mesma se procede.

12. RELACIÓN COA COMUNIDADE- SOCIEDADE.

Os principios de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. con este grupo de interese son:

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

- ✓ Contribuír ao desenvolvemento económico da zona na que se desenvolve a súa actividade con sustentabilidade.
- ✓ Ter en conta sempre os cambios sociais, co fin de adecuar os seus servizos ás necesidades da sociedade.
- ✓ Garantir unha información clara e veraz da empresa, así como da súa organización e actividade, co fin de xerar confianza.
- ✓ Cumprimento da lexislación medio- ambiental que lle é de aplicación á empresa, para acadar unha mellor protección e mellora do contorno, evitando a súa degradación.
- ✓ Procurar implantar todas aquelas iniciativas externas á empresa, en materia de RSE/RSC e medioambiental, acordes cos principios deste Código e da súa actividade.

13. COOPERACIÓN, COLABORACIÓN, IMAGEN Y COMPETENCIA LEAL.

Un dos piares fundamentais da organización da Corporación Laber, é o fomento da colaboración entre as persoas que compoñen o seu capital humano. Por iso, a dirección incentiva a colaboración e cooperación entre o seu persoal á hora de desenvolver as súas tarefas habituais. Ademais, toda persoa que traballe e/ou colabore coa empresa, terá que velar por integrar a boa imaxe e reputación da mesma.

Con respecto á competencia leal coas entidades concorrentes no sector de actividade de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L.:

- ✓ Non se empregarán medios ilexítimos para recadar información sobre competidores.
- ✓ Disporase dun rexistro de reclamacións e denuncias indicando o seu tratamento.
- ✓ Non se difundirá información falseada ou tendenciosa contra posibles competidores.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

14. LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS.

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. asegura o dereito á intimidade e privacidade de tódalas partes implicadas na súa actividade.

Para a protección, custodia, conservación e non divulgación dos datos e documentos de traballo, atenderase ao tempo e os termos de custodia e conservación dispostos na normativa de referencia (LOPD).

15. CONDUCTA DO PERSOAL.

O comportamento de quen conforma o persoal de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L., enténdese rexido polos anteriores principios de conduta (na súa interacción cos grupos de interese identificados) e pola normativa interna disposta para o desenvolvemento das súas tarefas (accesible e comunicada a todo o persoal).

16. PUBLICIDADE RESPONSABLE.

CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L. establece, para a difusión da súa política e actuacións en materia de Responsabilidade Social Empresarial, unha “publicidade responsable” concibida de acordo á lexislación vixente en materia de publicidade en España.

En caso de incumprimento, procederase á inmediata modificación, corrección ou retirada parcial ou total da publicidade infractora, aceptando calquera reclamación ao respecto e publicando, de ser o caso, unha fe de erratas.

| Nº EDICIÓN | FECHA | DENOMINACIÓN |
|------------|------------|--|
| 00 | 10/04/2015 | CÓDIGO DE CONDUCTA RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL |

IV. CUMPRIMENTO DO CÓDIGO DE CONDUCTA, ACTUALIZACIÓN E INTERPRETACIÓN.

O persoal responsable da Administración de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L., procederá á revisión e actualización periódica deste Código de Conduta, en función das achegas e/ou necesidades que se presenten nas súas relacións comerciais e/ou por parte dos seus grupos de interese.

V. INCUMPRIMENTO E SANCIONES

En caso de incumprimento do disposto neste Código de Conduta, a dirección tomará as oportunas sancións dispostas no convenio colectivo de aplicación, en relación a sancións derivadas do incumprimento da normativa interna de referencia.

VI. VIXENCIA E ACEPTACIÓN

O presente Código de Conduta comeza a ter vigor con carácter retroactivo, dende o 1 de xaneiro de 2015, sendo de aplicación a todo o persoal de CORPORACIÓN LABER, LABORATORIO Y CONSULTORÍA S.L.

As persoas que a partir desta data ingresen na organización recibirán, xunto coa documentación de acollida, a información relativa á normativa interna de referencia e ao contido e principios da empresa en materia de RSE, definidos neste Código de Conduta.

Santiago, 10 de abril de 2015



Antón García Vázquez

Director general de Corporación Laber